

Asunto: solicitude de continuación do SNL de Arteixo

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela (CP 15702), enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

O Concello de Arteixo leva contando **desde o ano 1997** cun **servizo de normalización lingüística estable** (<https://i.gal/kwCfi>) **dotado dun posto técnico**, posto de traballo que figura recollido como persoal laboral na última modificación da RPT (BOP da Coruña do 2 de xullo de 2018: <https://i.gal/V4Mb5>). Logo da creación do servizo, a entidade aprobou tamén a **Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Arteixo** (<https://i.gal/Fw3uu>), a norma municipal que regula o uso da lingua na institución e a súa promoción a través dun servizo de normalización lingüística como “soporte técnico ao proceso de normalización lingüística no Concello de Arteixo” (artigo 17).

Durante estes 21 anos de traballo en normalización lingüística realizáronse no Concello de Arteixo numerosas accións dirixidas a promover o uso e o prestixio da lingua galega en diferentes ámbitos (no turismo, na ciencia e no contacto coa natureza, na toponimia, no lecer, na restauración...), alén do traballo interno na institución de acordo co establecido na ordenanza citada. Con todo, desde principios deste ano, por xubilación da técnica de normalización lingüística responsable do departamento, o servizo de normalización lingüística deste concello está agora sen actividade e sen continuidade inmediata.

As entidades locais de Galicia teñen entre as súas competencias a normalización lingüística, é dicir, a promoción do uso e do prestixio da lingua galega en todos os ámbitos de influencia da entidade. Así o aclararon (<https://i.gal/vhRBp>) en 2018 a Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa



redacción e difusión do *Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia* (<https://i.gal/F1yH5>).

As ferramentas de traballo das administracións públicas para exercer as súas funcións son os **equipos técnicos especializados**, tanto no departamento de urbanismo ou no de servizos sociais como no de lingua. É imprescindible un departamento técnico ou SNL estable, dotado de persoal e orzamento suficiente, para analizar a situación da lingua na entidade local, no municipio ou na comarca, asesorar a entidade en política lingüística e para **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística** que interveñan nas áreas prioritarias onde o galego perde prestixio ou utilidade. En definitiva, os servizos de normalización lingüística son necesarios para que os concellos poidan exercer de forma eficaz as súas competencias en normalización lingüística, necesidade que vén recollida na ordenanza citada.

Alén disto, o traballo de normalización da lingua, que procura transformacións sociais e o afianzamento da autoestima lingüística, necesita ser desenvolvido con continuidade para non perder eficacia. A paralización dun servizo deste tipo non supón unha simple interrupción temporal do traballo, senón un retroceso no labor cotián e na implantación do departamento técnico na institución. Mais este retroceso é facilmente evitable no caso de Arteixo cunha próxima cobertura da praza de técnica/o de normalización lingüística.

Polo tanto, SOLICITO:

- Que o **Concello de Arteixo cubra o posto vacante de técnica/o de normalización lingüística** para continuar contando cun **departamento especializado que planifique, xestione, execute e avalíe accións e programas de normalización lingüística**, tal e como establece a súa ordenanza.

Pontevedra, 28 de xaneiro de 2020